



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DO CSHG.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade ASOCIACIÓN ANTIGOS ALUMNOS DO CSHG o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o CSHG Alumni para levar a cabo as accións que se detallan a continuación:

- Establecemento e mantemento da rede de contactos con empresas e institucións do sector, que permitan a pervivencia da Bolsa de Traballo.
- Invitación a todos os alumnos do CSHG ao CSHG Alumni, mentres estudan de forma gratuíta.
- Asesoramento profesional aos asociados.
- Realización de labores de intermediación entre o sector e os antigos alumnos para facilitar o acceso dos asociados ao mercado laboral.
- Actualización da web do CSHG Alumni.
- Envío de e-mail a xornais con información, noticias, cursos sobre o CSHG aos socios.
- Encontro anual de alumnos e antigos alumnos (Networking, Fitur e Workshop).
- Realización de informes
- Planificación e organización técnica do X Workshop.
- Actividades de formación e asesoramento para profesionais.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro do seu obxecto social ten encomendada as funcións de formación e reciclaxe de profesionais para o sector turístico de Galicia, actividade que exerce a través do Centro Superior de Hostalería de Galicia (en diante CSHG), da Dirección de Profesionalización da Axencia Turismo de Galicia.

Segundo.- A Asociación de Antigos Alumnos do CSHG (en diante CSHG Alumni), creado en novembro de 1997 é unha iniciativa dos alumnos para crear unha estreita vinculación entre o CSHG, os asociados e o Sector Hostaleiro.

Terceiro.- Tanto a Axencia Turismo de Galicia como o CSHG Alumni teñen intención de promover e potenciar accións tendentes a dotar de instrumentos de inserción laboral e reciclaxe aos ex-alumnos do CSHG.

Cuarto.- Preténdese manter un vínculo entre o CSHG e os seus antigos alumnos (a través do CSHG Alumni) mais aló do período no que cursan os seus estudos para, dunha banda, ofrecer un valor engadido á formación que o CSHG proporciona e, de outra, conseguir unha potente ferramenta de marketing, xa que os ex-alumnos actúan como "embaixadores" do CSHG alá onde desenvolven a súa actividade profesional.

Quinto.- Non é posible a concorrencia pública pola propia natureza das actuacións obxecto deste convenio, que só se poden realizarse polo CSHG Alumni, como Asociación de Antigos Alumnos do Centro Superior de Hostalería de Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase a CSHG Alumni unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e





que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia..

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

